

ACTUALIZACIÓN DO ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

En A Coruña, 21 de xuño de 2019

COMPARECEN

Dunha parte, D. Julio Abalde Alonso, actuando en nome e representación da Universidade da Coruña, en calidade de Reitor.

Doutra parte, Dna. Laura Vilaboy Romero, actuando en nome e representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en calidade de Presidenta.

EXPOÑEN

1. Que ambas entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento cultural científico e tecnolóxico de Galicia, procurando unha aplicación práctica do coñecemento en proveito da nosa sociedade.
2. Que teñen asinado un convenio marco de colaboración, con data 21 de decembro de 2001, co obxecto de instrumentar e regular as súas relacións mediante a eventual subscrición de convenios específicos.
3. Que é desexo de ambas institucións a actualización do texto de dito acordo marco de colaboración.

Por isto, ambas partes acorda subscribir o presente acordo marco de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, dentro daquelas áreas nas cales ambas teñan interese manifesto.

SEGUNDA.

O propósito deste convenio é realizar actividades e proxectos en forma conxunta en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as institucións que representan, entre os cales, en forma enunciativa pero non limitada, se mencionan os seguintes:

1. Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación e desenvolvemento bilaterais ou multilaterais.
2. Cooperar en programas de formación.
3. Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.
4. Organización e realización de todo tipo de actividades académicas, atlas como: cursos, conferencias, simposios, seminarios ou clases.
5. Apoio a investigadoras/es e estudantes.
6. Intercambio e colaboración en todo tipo de proxectos culturais de interese común.
7. Prácticas de estudantes nos últimos cursos.
8. Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo dentro das dispoñibilidades das partes e segundo a legalidade vixente.

TERCEIRA.

A execución das modalidades de cooperación previstas no presente acordo será obxecto de convenios específicos elaborados de común acordo entre ambas institucións nos que se determinará:

1. Definición do obxecto que se persegue.
2. Descrición do programa de traballo, con indicación das distintas fases do mesmo e o correspondente programa.
3. Formulación e aprobación do orzamento total, asignado, se é o caso, a conseguinte partida orzamentaria.
4. Relación das persoas que interveñen nel.
5. En caso de investigacións conxuntas estableceranse as bases de entendemento para a publicación de resultados, recoñecementos de créditos a investigadoras/es, así como a forma de rexistro e participación no relativo a dereitos de propiedade industrial e intelectual.

6. Calquera outro aspectos que considere relevante.

Ditos convenios serán incorporados como addendas ao presente acordo e axustaranse en todo caso ás normativas internas da Universidade da Coruña e do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

En particular, respecto á posibilidade xenérica de que o alumnado realice prácticas, estas deben canalizarse a través dos correspondentes programas de cooperación educativa, que requirirían a subscrición do correspondente convenio de acordo coa normativa vixente na materia (fundamentalmente o RD 592/2014)

E respecto ao contido dos convenios específicos previstos nesta cláusula, é de recordar que deberán axustarse ao disposto no Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes, aprobado polo Consello Social do 18 de xullo de 2012 e modificado polo Consello Social do 23 de xullo de 2013.

CUARTA.

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas no desenvolvemento dos proxectos de investigación que se leven a cabo.

Os datos e informes obtidos durante a realización de proxectos conxuntos, así como os resultados finais, terán carácter confidencia. Cando unha das partes desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade da outra parte por escrito, mediante carta certificada dirixida á persoa responsable da mesma no seguimento do proxecto.

Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase a mención das/os autoras/es do traballo. No caso de patentes, estes figurarán en calidade de inventoras/es. En calquera caso, farase sempre referencia especial ao presente convenio.

QUINTA.

Constituirase unha Comisión Mixta integrada pola persoa titular do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación ou membro do equipo docente en quen delegue, e pola persoa que ostente a presidencia do Ceesg, ou membro da Xunta de Goberno en quen delegue. Dita comisión será o órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas do presente convenio marco e entenderá e resolverá todas as cuestións relacionadas con el e cos convenios específicos.

SEXTA.

O presente acordo non debe interpretarse no sentido de ter creado unha relación financeira entre as partes. O mesmo constitúe unha declaración de intencións que ten como fin promover auténticas relacións de beneficio mutuo en materia de colaboración académica e de investigación, e non precisa consignación orzamentaria.

SÉTIMA.

O presente convenio empezará a producir os seus efectos a partir da data da súa sinatura, unha vez ratificado polo Consello de Goberno da Universidade e a Xunta de Goberno do Ceesg, e terá unha duración de 4 anos, podendo ser renovado tacitamente de non manifestarse en contra ningunha das partes.

OITAVA.

No caso de que calquera das partes decida rescindir o presente convenio, deberá anunciálo á outra con, polo menos, tres meses de antelación.

As partes conveñen que, non obstante o anterior, os proxectos específicos e actividades que de ser o caso se estivesen desenvolvendo no momento de declararse a terminación do presente convenio, continuarán desenvolvéndose ata a súa total conclusión baixo as bases que orixinariamente se acordasen.

NOVENA.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes, facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

DÉCIMA.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento ou de mutuo acordo.

UNDÉCIMA.

Os acordos que se reflicten neste convenio e nos convenios específicos que se asinen, terán sempre carácter administrativo e non se deriva deles en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

DUODÉCIMA.

As cuestións litixiosas xurídicas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, serán resoltas en primeira instancia pola Comisión Mixta Paritaria. Os conflitos que poida xurdir someteranse á resolución dunha persoa árbitra de equidade.

En proba de conformidade, asíñase o presente acordo marco en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

POLO COLEXIO DE EDUCADORAS E
EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

Julio Abalde Alonso,
Cargo: Reitor da UDC

Laura Vilaboy Romero,
Cargo: Presidenta do Ceesg